

AMOR, DESAMOR E LITERATURA

FERNÁNDEZ PAZ VOLVE CUNHA ATRACTIVA COLECTÁNEA DE RELATOS CURTOS ARREDOR DOS SENTIMENTOS, DA CREACIÓN E DA VIDA

Por unha encomenda de carácter profesional dei en esculcar na atención crítica que suscitou entre nós a obra de Agustín Fernández Paz e, lamentablemente, confirmáronse as sospeitas que un acubillaba: o autor chairego, malia conducirse nestes vieiros desde hai anos cun indiscutible éxito de lectores e de crítica, é aínda un autor que carece xa non dunha monografía analítica, senón dunha demorada análise global que salientase o que foi, o que é o significado da súa achega para a nosa literatura contemporánea. Será cousa de pensar por qué é así.

Chega a nós arestora unha compilación de relatos curtos do autor disposta baixo o título *O único que queda é o amor*, editada en cartóné cunhas atractivas e orixinais ilustracións de Pablo Auladell e que xa foi galardoado co Premio Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil do 2007 polos editores galegos. Entendo este libro, e é unha opinión particular, como un dos máximos logros que o autor nos deu até o de agora. Se ben *Corredores de sombra*, *Noite de voraces sombras* ou *O centro do labirinto* constituíron entregas que alicerzaron de xeito definitivo a súa presenza entre nós como un autor de referencia, a presente colectánea supón aínda un paso adiante pois ao meu ver compila as principais liñas de sentido da súa estética como narrador, deixándose levar nesta ocasión por unha especial sensibilidade cara á temática que afonda as súas raíces no sentimento, aquela que nos fala do amor e do desamor... mais tamén velaí esa sempiterna intro-



GÉNERO

«O único que queda é o amor»

Agustín Fernández Paz. Xerais. 176 páxinas. 13,75 euros. ***

ducción do fantástico, que tanto o caracteriza, nos límites da realidade cotiá procurando o efecto de mellor reexplicarse esa realidade; pero aínda hai máis pois asemade sobresaie unha vontade por terminar deses monotemas tan queridos polo autor: a lembranza do medio rural e o espazo da memoria da infancia, o conflito da identidade, a atención ao imaxinario cultural galego ou á pervivencia de crenzas de carácter sobrenatural.

O diálogo que o autor mantén con textos e autores literarios, tanto da nosa tradición como de fóra, é outro dos esteos que sosteñen este edificio, se cadra cunha intención máis acusada agora, pois a presenza do «literario», da bibliofilia en forma de citación ou de paratexto, de personaxes que caen anubrados no medio da atracción irresistible do

libro e da lectura... aprópiase da tonalidade xeral dos relatos e este recurso potencia esa incitación á lectura daqueles autores citados ou homenaxeados, e falamos de Valente, Auster, Pamuk, Kafka... Xúnteselle ao anterior a madurez na habilidade e pluralidade que exhibe tanto no manexo das técnicas narrativas como nos puntos de vista e recursos empregados, a carón do extremo coidado na construción de ambientes e atmosferas, da procura de verosimilitude no que atinxe ás situacións, da eficacia expresiva e da solidez no perfil final dos personaxes e nas situacións que aquí se expoñen e todo o amentado explica esa sensación de perfecto acabamento e de solvencia que un ten cando remata de ler estes relatos.

Agustín Fernández Paz —como Fina Casalderrey, Xavier Docampo, Paco Martín e algúns outros— contribuíu e contribúe de xeito destacado a consolidar a literatura infantil e xuvenil, supera barreiras e atrancos e sabe ofrecer propostas que vaian máis alá dos lectores adolescentes, decatándose de que se a súa obra non serve para adultos consideraríafraseada. Alén diso, facilitou que moitas xeracións se achegasen ao libro galego a través das súas creacións, que ampliasen o horizonte das súas lecturas e que hoxe sexan, lectores, e lectores conscientes, o que entendo como algo impagable. E teño para min que Fernández Paz confirma con creces a súa paixón e talento como narrador de amplo espectro.

Ramón Nicolás